

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE XULLO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, e se establecen os criterios básicos dos programas preventivos que dela se derivan.
- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Torres Arrojo como director de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea directora de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde a Lourdes Vilachán Angueira.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o concello de Sober.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Pobra do Caramiñal para a execución da obra de saneamento na Ribeiriña. 3ª Fase. A Pobra do Caramiñal (A Coruña), clave OH.315.996, por unha contía de douscentos trece mil noventa euros con corenta e tres céntimos (213.090,43 eros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Uniwersytet Warszawski para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de corenta e dous mil seiscentos cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (42.650,88 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a University of Birmingham para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de vinte e un mil trescentos vinte e cinco euros con corenta e catro céntimos (21.325,44 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta mil euros (50.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras de ampliación do Hospital Comarcal do Salnés- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), adaptado ao prego do concurso AB-SER3-12-005 (nº expediente AB-SER3-14-010), por un importe de nove millóns setecentos cincuenta e dous mil cinco euros con trinta e cinco céntimos (9.752.005,35€), e un valor estimado de oito millóns cincuenta e nove mil cincocentos oito euros con cincuenta e cinco céntimos (8.059.508,55€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre Galicia Calidade, estratexia 2014-2016.
- Informe sobre a convocatoria de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética na industria e servizos para o ano 2014.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre o Anteprojecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.



A XUNTA FACILITA AS XESTIÓNS DOS USUARIOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA AO DELEGAR NOS SERVIZOS PROVINCIAIS DE DEPORTES

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto sobre o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de acordo coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia***
- ***A normativa establece por vez primeira a delegación nos servizos provinciais para a tramitación das solicitudes das entidades do seu ámbito territorial, acadando así unha maior axilidade e comodidade para os usuarios do rexistro***

A Xunta de Galicia moderniza a lexislación sobre o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co fin de facelo máis áxil e próximo ao usuario, ademais de adaptalo á evolución da realidade deportiva e ás diversas tipoloxías de entidades existentes no sector. O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto sobre o novo Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, cumprindo así co mandato de desenvolvemento normativo contido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Ata a data, este rexistro administrativo, do que é responsable a Secretaría Xeral para o Deporte, estaba suxeito ás directrices da norma de creación do Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas, o Decreto 82/1983, do 21 de abril, xunto coa orde do 17 de maio de 1983, relativa ao seu funcionamento.

A evolución da realidade deportiva galega facía necesario a posta ao día da normativa sobre a inscrición no rexistro e os seus efectos, introducindo diversas novidades, nas que destaca a regulamentación, por vez primeira, da delegación nos servizos provinciais de deportes, para a tramitación das solicitudes recibidas polas entidades do seu ámbito territorial. Deste xeito conséguese unha maior axilidade na tramitación dos expedientes, así como unha maior comodidade para os usuarios, grazas á proximidade.

En consonancia coas diversas tipoloxías de entidades deportivas recollidas na vixente Lei do deporte de Galicia, a nova norma regula polo miúdo o acceso ao rexistro das seccións deportivas das entidades públicas ou privadas e das sociedades mercantís, en resposta a unha realidade crecente no ámbito da organización do deporte en que non se recollía na lexislación autonómica de 1983.

Outros aspectos que axudarán a coñecer e xestionar eficazmente a información relativa ás entidades deportivas galegas é a organización do rexistro en diversos libros: un libro en que se anotarán as inscricións das entidades deportivas, outro de legalizacións dos libros das entidades, outro de depósito de contas e memorias de actividades, outro de denominacións, e, finalmente, un libro de símbolos.



Unha vez levado a cabo o desenvolvemento regulamentario da actual Lei do deporte de Galicia nesta materia, a Xunta de Galicia promoverá, mediante o traballo conxunto da Secretaría Xeral para o Deporte e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega), o deseño e implantación dunha nova ferramenta tecnolóxica que, adaptándose ao novo ordenamento aprobado hoxe, favoreza e optimice a xestión rexistral tanto por parte da Administración autonómica como dos usuarios, é dicir, as entidades deportivas.



SANIDADE REGULA O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓNS DAS SANCIÓNS IMPOSTAS A MENORES POR CONSUMO DE ALCOL ASÍ COMA OS PROGRAMAS PREVENTIVOS QUE SE VAN APLICAR

- *Os menores poderán conmutar a sanción económica por traballos en beneficio da comunidade e a participación en programas preventivos*
- *Os programas preventivos serán deseñados de xeito individualizado tendo en conta as características psico-evolutivas e as variables socio-ambientais do infractor*
- *Quen presente patróns de consumo ou policonsumo que evidencien pautas de dependencia deberá, ademais, aceptar o seu ingreso nun programa de tratamento de deshabitación*
- *O obxectivo final destas medidas é a prevención do consumo de alcol en menores, a través de programas educativos e exemplificantes*
- *Trátase de contribuír a aumentar a percepción social do risco destas prácticas no conxunto da sociedade e moi especialmente entre a xuventude*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Así mesmo, establécense os criterios básicos dos programas preventivos que se poñen en marcha ao abeiro deste Decreto.

Na Lei 11/2010 establécese que tanto no caso de persoas maiores de idade (por petición propia) coma no de menores (por petición propia, ou ben dos pais/nais, titores ou representantes legais), os infractores poden conmutar a sanción imposta por consumo de alcol por traballos en beneficio da comunidade.

No texto aconséllase que esta sexa a práctica que prevaleza cando se trate de menores de idade e que, ademais, nestes casos a sanción económica por consumo de alcol sexa substituída pola inclusión do afectado en programas preventivos de carácter formativo ou informativo, ou de tratamento, sempre que non interfira nas súas actividades escolares.

Programas con carácter preventivo, educativo e exemplificante

Os programas preventivos –que establece o decreto impulsado pola Consellería de Sanidade– teñen como principal obxectivo a prevención do consumo de alcol en menores, mediante actividades de tipo preventivo-formativo, e neles prima o carácter educativo e reparador da substitución da sanción imposta. Buscan, ademais, que teñan un valor exemplificante e que contribúan a aumentar a percepción social do risco asociado ao consumo de alcol no conxunto da sociedade e moi especialmente na xuventude.



Estes programas deséñanse de forma individualizada, tendo en conta as características psico-evolutivas do infractor e as variables socio-ambientais que o rodean, co fin de lograr a máxima efectividade preventiva. Nesta mesma liña, demándase a implicación dos pais/nais e titores, aos cales se lles ofrece información, apoio e axuda.

Calquera persoa sancionada por consumo de alcol poderá solicitar que se lle substitúa a multa por traballos a favor da comunidade. Non obstante, no caso de menores que teñan instaurado un patrón de consumo ou policonsumo (acreditado por profesionais médicos) que evidencia a existencia de dependencia deberán, ademais, aceptar o seu ingreso nun programa de tratamento de deshabitación nalgún centro acreditado.

Fases do proceso

O procedemento de substitución iniciarase sempre por instancia da persoa infractora ou de quen o represente legalmente e, posteriormente, o órgano sancionador será o encargado de ditar se procede ou non a substitución da sanción.

Unha vez decididas e deseñadas as actividades que se van aplicar de xeito individualizado, farase un seguimento ao infractor xa que, en caso de manifesto incumprimento do plan prescrito ou do rexeitamento ou abandono del, procederase á execución da multa imposta. Polo contrario, cando se acredite que o infractor cumpriu satisfactoriamente o compromiso establecido, a sanción queda sen efecto.

O infractor que desexe acollerse a esta alternativa deberá superar tres fases. Nunha primeira fase o solicitante deberá superar satisfactoriamente unha entrevista con persoal da institución, organismo ou entidade encargada da tutela da substitución. A fase intermedia constará dunha entrevista motivacional, a participación nunha acción informativa/formativa sensibilizadora e de reflexión sobre o consumo de alcol, e a participación en actividades de interese comunitario. Na terceira e última fase, o coordinador do programa emitirá un informe sobre o cumprimento ou non dos obxectivos e actividades propostas e remitirao ao órgano sancionador, que acordará se procede a remisión ou non da sanción imposta.



SANIDADE NOMEA A LOURDES VILACHÁN ANGUEIRA NOVA DIRECTORA XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

▪ ***Substitúe a Pablo Torres Arrojo, que cesa a petición propia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Lourdes Vilachán Angueira como nova directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde. Lourdes Vilachán substitúe neste cargo a Pablo Torres Arrojo, cuxo cesamento a petición propia tamén foi aprobado hoxe no Consello.

Lourdes Vilachán Angueira é licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela e desde 2009 ata a actualidade viña exercendo o cargo de subdirectora xeral de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde. Anteriormente, entre 1997 e 2009, exerceu a Xefatura de Servizo de Xestión de Concertos e Recursos Propios do Sergas.

Lourdes Vilachán é funcionaria do grupo superior da Administración autonómica e posúe o diploma de directivo da Xunta de Galicia. No eido da formación académica tamén conta co curso de Dirección Sanitaria da Escola de Directivos Sanitarios de Galicia.



BENESTAR OPTIMIZA E AXILIZA O SERVIZO OFRECIDO NOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR DE GALICIA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar (PEF) de Galicia para actualizar o anterior, que data de 2009***
- ***O Goberno autonómico establecerá un prazo máximo de intervención de dous anos, para evitar que a situación conflitiva se cronifique e co obxectivo de normalizala o antes posible***
- ***Ademais, o acceso a eles realizarase por derivación do órgano en materia de familia da consellería, por petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais***
- ***Os PEF constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente coa finalidade de favorecer a relación entre as nenas e nenos e as súas familias***

A Consellería de Traballo e Benestar modificará o procedemento de acceso e derivación aos puntos de encontro familiar (PEF) co obxectivo de incrementar o control sobre eles e, desta maneira, optimizar o servizo que se ofrece ás familias.

Así, o acceso aos PEF realizarase por derivación do órgano en materia de familia da consellería con competencias en materia de servizos sociais, por petición dos órganos xudiciais ou dos servizos de familia e menores das xefaturas territoriais do departamento autonómico, mentres que ata a actualidade podía derivar directamente tamén polo órgano xudicial. Esta novidade permitirá optimizar a xestión e axilizar o servizo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do decreto polo que se regulan os PEF. O regulamento actual dos puntos de encontro familiar de Galicia data de 2009. O decreto estrutúrase en cinco capítulos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

Entre as novidades, destaca tamén o establecemento dun prazo máximo de intervención de dous anos, salvo nos supostos de violencia de xénero e aqueles casos en que os profesionais do PEF xustifiquen a conveniencia da continuación por períodos de tempo que non excedan os tres meses. O obxectivo da medida é acadar a normalización da situación conflitiva e que esta non se cronifique, tendo en conta que a intervención que se realiza nestes servizos é de carácter temporal e desenvolvida por profesionais.

Os PEF constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente coa finalidade de favorecer a relación entre as nenas e nenos e as súas familias cando exista unha situación de separación, divorcio, tutela o calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar.



Galicia dispón na actualidade dun total de sete puntos de encontro familiar nas sete grandes cidades e localizados en edificios públicos, e contará este ano cun orzamento de preto de 650.000 euros para o seu funcionamento.

Obxectivos e principios de actuación

O Capítulo I do decreto recolle fundamentalmente os obxectivos principais dos PEF e os seus principios de actuación. Destacan favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación cos seus pais e nais despois dunha separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional, así como facilitar o encontro coa persoa proxenitora que non ten a custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

Ademais, nos puntos de encontro familiar procúrase a seguridade dos nenos e nenas durante o cumprimento do réxime de visitas e facilítase a orientación profesional precisa para mellorar as relacións materno/paterno-fillais e as habilidades parentais de crianza.

Con respecto aos principios de actuación dos PEF, o proxecto de decreto recolle un total de sete. O interese das nenas e dos nenos, xa que sempre será prioritaria a súa seguridade e benestar; a voluntariedade; a imparcialidade; a neutralidade, xa que o equipo técnico non deberá influír nas súas intervencións; a confidencialidade dos datos e información; a non interferencia nas intervencións efectuadas por outros dispositivos de benestar social e polos órganos xudiciais, e, por último, a subsidiariedade e temporalidade, xa que o servizo está enfocado a acadar a normalización das relacións.

O capítulo II inclúe os dereitos e deberes dos usuarios. Resaltan a protección da súa intimidade persoal e o segredo profesional do seu historial e a protección dos seus datos persoais; a ser informadas sobre o expediente persoal e das normas de funcionamento; e a acceder, permanecer e cesar na utilización do servizo por vontade propia, agás resolución xudicial. Entre os deberes destacan o cumprimento dos horarios establecidos na resolución e a responsabilidade de atender e coidar os nenos e nenas no transcurso da visita.

Tipos de intervención

O capítulo III regula o marco de actuación dos PEF sostidos con fondos públicos. Os principais tipos de intervención son tres fundamentalmente: entrega e recollidas das nenas e dos nenos, no que se actúa como intermediario e supervisor; as visitas tuteladas, que son aquelas que se realizan de forma controlada baixo a supervisión continuada dun profesional por un tempo máximo de dúas horas, e, por último, as visitas supervisadas que se realizan no PEF, tamén por un tempo máximo de dúas horas, pero sen a presenza continuada do equipo técnico. Este tipo de actuación ten lugar



especialmente en casos en que a persoa proxenitora que ten o dereito á visita careza de vivenda na localidade.

Ademais, os equipos de profesionais deseñan e desenvolven un programa psicossocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores e levan a cabo tarefas de orientación e apoio familiar, entre outras. As visitas organízanse tendo en conta a superficie, a capacidade dos espazos e os horarios de cada punto de encontro.

Por último, o capítulo IV recolle os requisitos materiais e de funcionamento, e o capítulo V as autorizacións, a inspección e o réxime sancionador.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACORDO POLO QUE SE DECLARA MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO O CONCELLO DE SOBER

- ***O municipio de Sober incrementou desde 2010 a súa oferta hoteleira. Conta con 35 adegas, 6 rutas de sendeirismo, as rutas dos 9 miradoiros que percorren o patrimonio natural do concello así como actividades culturais e festas como a Feira do Viño de Amandí, con declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia***
- ***O tren turístico, os catamaráns ou a artesanía coa olaría de Gundivós forman parte dos atractivos turísticos do concello***
- ***Galicia conta así con 43 concellos con declaración de municipio turístico galego, 11 deles están na provincia de Lugo***
- ***Na Ribeira Sacra a cifra de viaxeiros medrou en maio un 25,2% e a de pernoitas un 31,8%. Ademais subiu a estadia media un 5,3. Os viaxeiros nacionais medraron un 39,2% e os estranxeiros un 14,7%, con respecto ao mesmo mes do ano pasado***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Sober, na provincia de Lugo. Galicia conta así con 43 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Sober, a provincia de Lugo conta con 11 municipios turísticos: Ribadeo, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Chantada, Viveiro, Foz, Quiroga, Samos, Lugo, Sarria e Sober.

Desde o ano 2010 a oferta hoteleira do municipio de Sober incrementouse permitindo a acollida dunha afluencia de visitantes maior. Ademais, a oferta turística da zona inclúe 35 adegas, 6 rutas de sendeirismo, as rutas dos 9 miradoiros que percorren o patrimonio natural do concello ademais de múltiples actividades culturais que incrementan a oferta complementaria para os usuarios turísticos.

Sober conta tamén con múltiples festividades entre as que resalta a Feira do Viño de Amandí, con declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. Ademais, para realizar percorridos pola zona os visitantes contan co Tren Turístico Aba Sacra e os catamaráns que percorren o Sil para dar a coñecer os atractivos turísticos, paisaxísticos, patrimoniais e enoturísticos desta zona da Ribeira Sacra.

De igual modo, a artesanía forma parte dos atractivos turísticos do concello de Sober, así, a olaría de Gundivós conforma unha actividade singular de gran potencialidade e atractivo para os visitantes.

Datos turísticos da Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra está a experimentar unha subida constante na cifra de viaxeiros e pernoitas rexistradas nos establecementos hoteleiros da zona. Así, segundo os últimos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estadística, os viaxeiros medraron en



maio de 2014 un 25,2% a respecto de maio do ano pasado e a cifra de pernoitas rexistradas superou nun 31,8% as rexistradas no mesmo mes de 2013.

De igual modo, a estadía media subiu un 5,3%. Os viaxeiros nacionais no mes de maio medraron un 39,2% a respecto dos recibidos en maio de 2013 e os viaxeiros estranxeiros medraron preto dun 15%.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXECUCIÓN DA TERCEIRA FASE DO SANEAMENTO NA RIBEIRIÑA, NA POBRA DO CARAMIÑAL, POR UN VALOR DE MÁIS DE 213.000 EUROS

- ***Estas actuacións, que pretenden eliminar determinadas carencias detectadas no sistema de saneamento da Ribeiriña, tamén mellorarán a calidade das augas da Ría de Arousa***
- ***O trazado das obras, dividido en dúas zonas, proxecta sendos colectores de augas residuais: un na estrada AC-305, cunha lonxitude de 174 metros; e outro nunha urbanización, cunha lonxitude de 297 metros***
- ***A Xunta de Galicia xa investiu 1,3 millóns de euros en dúas fases anteriores***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta co concello da Pobra do Caramiñal para a execución da terceira fase do saneamento na Ribeiriña, cuxa licitación está prevista para este verán.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, achega un importe de 213.090 euros para a execución destas actuacións hidráulicas. Cómpre lembrar que neste proxecto xa foron previstas dúas fases anteriores nas cales se investiron 1,3 millóns de euros. Unha primeira fase, cunha achega económica de máis de 648.000 euros, incluíu dous bombeos coas súas respectivas impulsións e tres tramos de colectores xerais de case 3 km de lonxitude; e unha segunda fase, cun investimento de máis de 653.000 euros, que supuxo a recollida de augas residuais dos núcleos da Ribeiriña e O Conchido e o seu transporte mediante colectores e impulsión ata o colector executado na primeira fase.

A obra que se aproba hoxe define e valora as actuacións necesarias para executar a terceira fase do sistema de saneamento da Ribeiriña, permitindo a conexión das novas redes coas xa executadas en fases anteriores.

Así, nesta 3ª fase executarase o saneamento en dúas áreas. A primeira é unha pequena zona de vivendas na marxe sur da estrada Padrón- Ribeira (AC-305), na cal se proxecta a execución dun colector de 174 metros de lonxitude. A segunda zona corresponde a dúas vías municipais que discorren perpendiculares á AC-305, e que dan servizo a un pequeno núcleo de vivendas e a unha pequena urbanización de recente construción. Aquí construírse un colector de 297 metros de lonxitude, unha impulsión de 156 metros de lonxitude. O colector disporá dun pequeno bombeo prefabricado, dotado con dúas bombas.



Estas actuacións, que pretenden eliminar determinadas carencias detectadas no sistema de saneamento da Ribeiriña, no concello da Pobra do Caramiñal, tamén mellorarán a calidade das augas da Ría de Arousa.

Con estas obras a Xunta leva a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da directiva de Augas Residuais, priorizando as actuacións vinculadas ao saneamento das rías galegas mediante a construción de depuradoras.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 114.000 EUROS A RENOVAR OS LECTORADOS DE GALEGOS NAS UNIVERSIDADES DE BIRMINGHAM, HEIDELBERG E VARSOVIA

- ***O obxectivo é promover a lingua e cultura de Galicia no exterior***
- ***A Xunta mantén unha Rede de centros de estudos galegos que conta actualmente con 36 sedes noutros tantos campus de Europa e América***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 114.000 euros a renovar os convenios de colaboración coa University of Birmingham (Reino Unido), coa Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña) e coa Uniwersytet Warszawski (Varsovia, Polonia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da cultura e da literatura galegas no exterior.

Deste xeito, estas institucións académicas continuarán a organizar actividades relacionadas coa nosa lingua a través dos centros de estudos galegos de cada unha delas e da figura do lector bolseiro.

Ademais das diferentes actividades complementarias que se poidan realizar, ao abeiro destes convenios a Universidade de Varsovia daralle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da Facultade de Neofiloxía; mentres que a de Birmingham manterá o Seminario de Estudos Galegos do Departament of Hispanic Studies, e a de Heidelberg dará continuidade á presenza da nosa lingua e cultura nos plans de estudos das facultades de Linguas Románicas e de Tradución e Interpretación.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades de todo os continentes é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes. Na actualidade a Consellería de Cultura e Educación conta cunha Rede de centros de estudos galegos con 36 sedes noutras tantas universidades de Europa e de América- 28 das cales contan con profesores lectores-, en universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas. Trátase de órganos de referencia nestas universidades a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.



SANIDADE ANUNCIA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DO SALNÉS POR PRETO DE DEZ MILLÓNS DE EUROS

- ***Construirase un edificio adicional, que dotará ao hospital dun novo servizo de urxencias, que duplica a capacidade de triaxe, observación e mellorando a atención aos pacientes***
- ***Disporá por primeira vez dunha zona específica de urxencias pediátricas***
- ***Dotarase dun novo bloque cirúrxico, que disporá de cinco quirófanos, e duplicarase a capacidade da zona de recuperación postanestésica***
- ***Contará por primeira vez cun Hospital de Día e con novos espazos dentro do bloque obstétrico***

A Consellería de Sanidade –a través do Servizo Galego de Saúde- anuncia a licitación das obras de ampliación do Hospital Comarcal do Salnés por un importe máximo de 9.752.005 euros, segundo informou hoxe ao Consello da Xunta.

As obras de ampliación suporán a construción dunha nova infraestrutura que afectará a cinco áreas hospitalarias, que representan unha superficie asistencial de 4.157 m² (dos cales uns 2.700 son do novo edificio e uns 1.400 serán obxecto de reforma), e permitirán aplicar os avances das novas tecnoloxías sanitarias ao novo bloque cirúrxico, á nova área de urxencias e ao bloque obstétrico.

Tal como se prevé no proxecto, o hospital disporá dun novo bloque cirúrxico, con cinco quirófanos de nova construción, que incorporarán novos avances tecnolóxicos, de ergonomía e dispoñibilidade de medios, o que facilitará o traballo dos profesionais. Ademais, duplicarase a capacidade dos espazos de reanimación, que pasarán a contar con 11 camas en vez das 6 actuais -que incluírán dous boxes de illados e coidados postanestesia-, e 9 postos de adaptación ao medio no lugar dos 4 actuais. Grazas a estas actuacións se potenciará notablemente a capacidade de cirurxía sen ingreso.

O novo edificio albergará os Servizos de Urxencias do Hospital, que duplicará a capacidade de triaxe, observación e atención a pacientes. Así, contará con 2 postos de triaxe, que aumentarán a capacidade de filtrado e fluxo de pacientes.

A zona de observación contará con 14 camas, fronte ás 6 actuais, un total de 10 boxes de atención, máis dous de soporte vital para pacientes críticos. Ademais, contarase por primeira vez cunha ampla zona específica de espera de resultados.

Por primeira vez este hospital contará cunha área específica de urxencias pediátricas coa súa propia zona de triaxe, con dous boxes de observación e outros dous de atención a pacientes adicionais.



O bloque obstétrico potenciará a confortabilidade e humanización dos espazos, o que creará un entorno máis amigable para os pacientes. Contará con dúas salas polivalentes, dúas Unidades de Traballo de Parto e Recuperación (UTPR), unha consulta e unha sala de reanimación de recién nacido.

Tamén por primeira vez, o Hospital do Salnés disporá dun novo Hospital de Día, que contará con dez boxes.

A ampliación do Hospital Comarcal do Salnés enmárcase na Estratexia Sergas 2014, que ten como obxectivo a modernización das infraestruturas sanitarias. A ampliación deste centro traducirase nunha mellora substancial na prestación da asistencia sanitaria á poboación da súa área de influencia, xa que se incorporarán os últimos avances nas prestacións sanitarias ofertadas.



A XUNTA REFORZA A MARCA GALICIA CALIDADE COMO IMAXE GLOBAL DA ECONOMÍA GALEGA

- *A estratexia céntrase no impulso da competitividade de Galicia no exterior a través de Galicia Quality*
- *O Goberno galego persegue aproveitar, desde a unidade de acción de todos os seus organismos, o prestixio da marca para impulsar a imaxe de Galicia e crear valor engadido*
- *Todas as accións promocionais vinculadas ao ámbito económico e impulsadas pola Xunta, dentro e fóra da comunidade, encadraranse baixo a marca Galicia Calidade*
- *Con respecto ao selo de calidade, a estratexia aspira a incrementar os produtos certificados e outorgará facilidades a aquelas empresas que xa contan con outras certificacións de calidade recoñecidas*

O Goberno galego presentou hoxe en Consello da Xunta a estratexia de reforzo e lanzamento da marca Galicia Calidade co obxectivo de convertela na imaxe global da economía galega. A Estratexia Galicia Calidade 2014-2016 está enfocada ao impulso da competitividade de Galicia nos mercados exteriores a través do distintivo Galicia Quality, co que a Xunta persegue aproveitar o prestixio dunha marca que conta con máis de dúas décadas de historia.

Como marca paraugas da economía galega, Galicia Calidade será empregada, desde a unidade acción de todos os organismos da Xunta, en toda acción promocional institucional vinculada ao ámbito económico dentro e fóra da Comunidade.

Trátase, en definitiva, de conseguir que o termo Galicia Calidade simbolice unha forma distinta e galega de facer as cousas baseada na calidade, o compromiso e o esforzo das empresas por ofrecer os mellores produtos e servizos, e a confianza que estes outorgan.

Esa confianza na competitividade, innovación e calidade dos produtos e servizos galegos é clave para as empresas de Galicia que operan noutros países e rexións, de aí a importancia fundamental de impulsala establecendo un marco común de actuacións que permita fomentar o acceso a novos mercados e consolidar as exportacións de produtos galegos.

O selo Galicia Calidade

Con respecto ao selo de Galicia Calidade, a estratexia recolle medidas orientadas a incrementar a súa presenza no mercado como valor engadido aos produtos e servizos galegos con calidade certificada. Así, outorgaranse novas facilidades para acceder aos produtos xa certificados con Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida (entre outros) que en Galicia suman 33 selos. Tamén se facilitará o acceso a Galicia



Calidade ás empresas do sector servizos que contan cun selo de calidade sectorial admitido internacionalmente, como é o caso da Q de Calidade ou a ISO.

Deste xeito contribúese a reforzar a imaxe de Galicia Calidade como marca global da economía galega, incrementando o impacto de Galicia nas principais feiras nacionais e internacionais e nas distintas misións comerciais.

En definitiva, esta nova Estratexia busca aproveitar o camiño percorrido ata hoxe pola marca Galicia Calidade e reforzar a súa proxección ata facela global, de forma que en todos os mercados en que Galicia estea presente se identifique a marca coa calidade e excelencia da Comunidade.

Coordinación das actuacións e consenso sectorial

Este novo enfoque definido na estratexia da Xunta responde á necesidade de operar desde a unidade de acción, sumando esforzos e coordinando cada unha das actuacións da administración públicas para responder ás demandas e necesidades do noso tecido empresarial e industrial, e contribuír á mellora da súa competitividade no exterior. Así, o pulo a Galicia Calidade/ *Galicia quality* traducirase na mellora da imaxe de Galicia no exterior, no acceso galego a novos mercados e na consolidación das exportacións.

Para acadar estes obxectivos están planificadas diferentes reunións cos axentes implicados -asociados de Galicia Calidade, consellos reguladores, asociacións empresarias ou clústers- que permitirán perfilar e consensuar esta estratexia co tecido produtivo co obxectivo que converter Galicia Calidade na marca global da economía galega.



A XUNTA MOBILIZARÁ 6 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO DA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL GALEGA A TRAVÉS DO AFORRO E DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

- ***Economía e Industria activa un novo programa específico para empresas con apoios que alcanzan os 200.000 euros***
- ***Desenvolveranse máis dun centenar de proxectos no eido da iluminación, a climatización ou a optimización de procesos produtivos que permitirán aforrar en total 1,5 millóns de euros ao ano***
- ***A Xunta persegue con esta medida que as industrias logren aforros de ata un 15% e o sector servizos un 30%***
- ***Ademais de reducir custos enerxéticos, estas iniciativas evitarán a emisión á atmosfera de máis de 6.000 toneladas de CO₂ cada ano***

A Consellería de Economía e Industria impulsará un ano máis a competitividade industrial de Galicia a través dunha nova convocatoria do programa de aforro e eficiencia enerxética na industria e no sector servizos. A liña, dirixida a empresas e autónomos, está dotada con preto de 1,7 millóns de euros e prevé a mobilización de investimentos por un total de 6 millóns.

A convocatoria, da que se informou hoxe ao Consello da Xunta, aspira así a mellorar a competitividade do tecido empresarial apoiando proxectos que permiten reducir os seus custos enerxéticos e obter aforros económicos que sumarán, de modo conxunto, 1,5 millóns de euros ao ano, ao tempo que se implanta tecnoloxía máis eficiente que suporá tamén un importante beneficio para o ambiente. Así, prevese que coas actuacións que se realicen se aforren preto de máis 2.600 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, o que evitará a emisión á atmosfera de máis de 6.000 toneladas anuais de CO₂.

Con esta nova convocatoria de axudas perséguese reducir os consumos nos sectores industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. Segundo diversos estudos sectoriais e auditorías realizadas polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a porcentaxe de aforro de enerxía nestes sectores coa posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia ascende ao 10 ou 15% para o sector industrial, chegando ao 25 ou 30% para o sector servizos.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o vindeiro día 6 de agosto, podendo chegar os apoios ata o 30% do investimento a realizar cun máximo de 200.000 euros. Ademais, os proxectos que se desenvolvan nas provincias de Ourense e Lugo, e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e na Costa da Morte contarán cunha valoración un 5% superior, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa.



As actuacións que se van desenvolver céntranse na substitución ou mellora de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía ou de produción de calor; na implantación de luminarias máis eficientes e na posta en marcha de medidas de contabilización, monitorización e telexestión de consumo de enerxía. Así mesmo, fomentárase calquera outra actuación que supoña un aforro enerxético mínimo dun 20%.

Deste xeito dase continuidade a un programa que, activado por primeira vez o ano pasado, está a permitir desenvolver proxectos de aforro e eficiencia en máis de 100 empresas que, grazas á diminución dos seus consumos enerxéticos, acadarán un aforro conxunto de 15 millóns de euros durante os dez anos de vida útil que, de media, suman as novas instalacións.



A METAGA SIMPLIFICARÁ OS PROCESOS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA E FOMENTARÁ A REESTRUTURACIÓN DAS PARCELAS POTENCIANDO A PRODUTIVIDADE DO TERREO

- ***A futura Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) modifica a orixinaria forma de levar a cabo os procesos de concentración parcelaria simplificando e axilizando o proceso***
- ***O novo texto céntrase non só en reducir o número de fincas senón que atende a criterios de rendibilidade dos terreos***
- ***A norma reduce os prazos e promove un sistema de permutas entre titulares de predios de vocación agraria***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto definitivo do anteproxecto de Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA), antes da súa remisión ao Consello Económico e Social. Esta norma simplificará os procesos de concentración parcelaria e fomentará a reestruturación das parcelas potenciando a produtividade do terreo.

O novo texto legal favorecerá a posta en valor da terra con vocación agraria, fomentando que se xere riqueza a través da optimización do seu uso. É unha concepción máis moderna da mellora das estruturas, orientada a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións e que vai máis aló do que supoñía ata o de agora a simple concentración de parcelas.

Partindo de que a actual Lei de Concentración parcelaria -que se remonta ao ano 1985- se alonga demasiado no tempo no proceso de agrupación de terreos e que se centra esencialmente na diminución do número de parcelas, deseñouse un texto que fomenta a reestruturación das fincas atendendo a criterios de mellora da rendibilidade das explotacións.

Simplifícase ademais o procedemento reducindo o número de fases, mellorando o sistema de entrega e o de tramitación e diminuíndo sensiblemente tanto os custes como os prazos de execución. A METAGA priorizará tamén os aproveitamentos en común e favorecerá, asemade, a participación pública no proceso introducindo novas formas de participación como os Comités Técnicos Asesores que coordinarán aos distintos axentes implicados nos procedementos de reestruturación.

Ao tempo, créase o Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación agraria que identificará as zonas idóneas para os diferentes aproveitamentos e introdúcese como novidade a posibilidade de actuar en solos de núcleo rural. Para este tipo de solos, permítese a reestruturación sen afectar a unha posta en marcha de procesos de ordenación urbanística, dando así resposta a unha das principais demandas dos propietarios de explotacións agrarias que se asentán no medio rural.



En materia de loita contra o abandono no rural, esta lei incorpora a maiores a reestruturación parcelaria mediante permutas de fincas entre titulares de predios de vocación agraria. O Anteproxecto de Lei distingue facer as permutas sen cambio na forma das parcelas ou modificando a súa xeometría, de xeito que se incremente a efectividade da transformación e dando como resultado unha mellora na posta en cultivo.

Vaise permitir tamén mobilizar as fincas xa concentradas que estean en estado de abandono para as explotacións agrarias co obxectivo de promover o uso das fincas no medio rural, xa que son fonte de riqueza e emprego. Así, poderase non só actuar sobre parcelas individuais abandonadas, senón declarar perímetros de actuación no caso de que se dean determinadas circunstancias (casos de risco de incendio forestal, zonas queimadas ou demanda de terra das explotacións existentes) debendo os titulares destes terreos optar entre traballalos e poñelos en produción, arrendalos a terceiros que os traballen ou incorporalos ao Banco de Terras.

